Durante a Guerra Civil uniuse á Solidariedade Galega Antifascista e continúa escribindo no xornal Nueva Galega.

Retomaría os estudos de Filosofía no ano 45, logo de ser detido en Francia durante a Segunda Guerra Mundial e condenado á cadea.

Logo de conseguir o indulto marcha exiliado coa familia a Bos Aires, onde desenvolvería unha gran labor cultural. Colaborou como secretario de Castela co que participa na Irmandade Galega pronunciando numerosas conferencias. Na Arxentina, onde comparte exilio con outros moitos intelectuais e autores galegos, continuará publicando colaboracións na prensa.

No ano 1957 ve a luz a súa primeira novela en Bos Aires: Non agardei por ninguén, na que recolle as súas vivencias logo do alzamento militar do 36 e o seu paso á zona republicana.

Foi director do Ateneo Curros Enríquez, da Federación de Sociedades Gallegas. O teatro, participando activamente como actor e tamén traducindo ao galego distintas obras, foi outro dos xéneros que abordou Valenzuela.

En 1964, baixo a dirección de Eduardo Blanco Amor, estréase a súa única peza teatral: As bágoas do demo. Esta obra representou o derradeiro intento dos exiliados por manter o teatro galego na emigración.

Regresou a España dous anos despois e dedicouse á docencia en Madrid no Círculo de Estudos Galegos. En 1974 escribiu O Naranxo, unha escolma de relatos que xa publicara con anterioridade e deu numerosas conferencias, entre elas a polémica Historia do galeguismo político (1976) pronunciada na Facultade de Económicas de Santiago de Compostela e publicada ese mesmo ano en Edicións Akal. Ramón de Valenzuela faleceu en Sanxenxo en 1980, ano no que tamén publicou Era tempo de apandar, no que narra as súas vivencias durante a posguerra.

Vista pois a súa traxectoria literaria, ligada tamén a momentos claves no devir do século XX, o valor da súa prosa e tamén o feito de recoller na súa obra moitas das tradicións, costumes, e mesmo personaxes da comarca do Deza e arredores, e as súas aportacións como intelectual e defensor da lingua e da cultura galegas, dende esta Alcaldía considérase que Ramón de Valenzuela Otero, reúne méritos suficientes para protagonizar o Día das Letras Galegas.

Pasados xa 34 anos dende o seu falecemento e visto tamén o recoñecemento que outros autores como Xosé Neira Vilas fan do seu legado, así como as homenaxes que se lle veñen tributando no municipio silledense, onde o seu nome figura nunha rúa da Bandeira e en breve o fará na biblioteca do Centro Cultural Vistalegre, propónse á Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte ACORDO:

-Instar á Real Academia Galega a que adique o Día das Letras Galegas á figura do autor silledense Ramón de Valenzuela Otero."

INTERVENCIONS:

Voceiro do PP: Que está dacordo con esta moción pero que debería facer en consenso con tódolos grupos municipais e asociacións culturais.

Voceiro do BNG: Que alégrese de que poida haber consenso entre o PSOE e o PP na figura de Ramón de Valenzuela, pero que esta moción tiña que ser o fin de un traballo anterior.

VOTACIÓN:

Se aproba por unanimidade.

-
- **Informe sobre a proposta do Claustro do CEIP de Bandeira de que o centro pase a denominarse CEIP Ramón de Valenzuela.**

Visto o escrito presentado polo director do CEIP de Bandeira, Dº José López Casal, Rexistro de Entrada nº 4527 de data 16 de outubro de 2014, que literalmente dí:

"José López Casal, director do CEIP de Bandeira

EXPON

1º. Que na reunión do Consello Escolar do centro, celebrada o martes 14 de outubro de 2014, decidiuse, por unanimidade de todos os asistentes, aceptar a proposta do Claustro de Profesores para que o centro pase a denominarse CEIP Ramón de Valenzuela.

2º.- Que o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria sinala, no artigo 8.1, que antes de elevar esta pro posta á Consellería de Educación precísase dun informe favorable do Concello.

Por todo iso,

SOLICITO:

Un informe favorable do Concello para que este centro pase a denominarse CEIP Ramón de Valenzuela.

Bandeira, 16 de outubro de 2014

Asdo. José López Casal

Director do CEIP de Bandeira"

INTERVENCIONS:

Voceiro do PP: Que está dacordo con esta proposta.

Voceiro do BNG: Que tamén está dacordo coa proposta.

O Sr, Alcalde somete a votación a solicitude anteriormente transcrita co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda informar favorablemente o cambio de denominación do CEIP de Bandeira, que pasaría a denominarse CEIP Ramón de Valenzuela.

- Mocións do Grupo do BNG (Sobre Tratado de Comercio e Investimento)

"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDÁ, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO A SEGUINTE MOCIÓN RELATIVA Á DECLARACIÓN DE SILLEDÁ COMO MUNICIPIO OPOSTO Á APLICACIÓN DO TRATADO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EEUU) están negociando, de costas á cidadanía e ás persoas e institucións que a representan (parlamentos nacionais, estatais e europeo) un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laborais, ambientais e de saúde, antepondo o interese comercial de investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral. O tratado estase a negociar de xeito secreto e, na actualidade, carecemos de documentos oficiais (máis alá de filtracións) sobre o contido total das negociacións.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación destes ás ETN, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos/as representantes enxtcos/as para administraren libremente as súas comunidades locais e promocionaren a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social e ignoran calquera lexislación, continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades locais atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e ás políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais. Ao mesmo tempo, promove instrumentos non democráticos que garantan os beneficios económicos das empresas transnacionais, o que supón unha cesión da soberanía aos poderes económicos.

Por iso as administracións locais, tanto por seren afectadas directas ao ser as canles axeitadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, como por promover na colectividade local o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Acordo, deben pronunciarse sobre o seu rexeitamento.

Por todo iso propoñemos o seguinte

ACORDO:

- 1. Declarar o concello de Silleda como Municipio insumiso e libre do TIIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.*
- 2. Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.*
- 3. Instar ao Ministerio de Economía a que solicite que se faga pública toda a documentación en relación ao tratado, con base no Regulamento 1049/2001 da Unión Europea.*
- 4. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TIIP.*

*Silleda, 15 de Outubro de 2014
Asdo. Matías Rodríguez da Torre"*

INTERVENCIONS:

Voceiro do PP: Que o seu grupo está en contra desta moción que presenta o BNG, xa que é un tema a nivel de Europa e que preténdese eliminar barreiras para que poida haber maior comercio entre a Unión Europea e Estados Unidos. Que non se van cortar os dereitos dos consumidores como dí o BNG.

O Alcalde dí que van a votar en contra xa que o Concello non vai declarar insumiso de nada.

VOTACIÓN:

Se rexeita con un voto a favor e 12 (PSOE e PP) en contra.

- **Mocións do Grupo do BNG (Sobre Tratado Apoio a comercialización de proximidade)**

"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO A SEGUINTE MOCIÓN PARA APOIAR A COMERCIALIZACIÓN DE PROXIMIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro publicouse o Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final. Este decreto entende por venda directa a que se realiza na casa, en mercados e feiras e en tendas minoristas, que vendan directamente ao consumo final, agás os ovos e establece unha serie de requisitos para poderen realizar esa venda.

Desde o BNG sempre defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpren coas garantías de salubridade. Igualmente xulgamos que se debe facilitar desde os poderes públicos a súa comercialización en circuitos curtos e de proximidade para garantirlles o máximo beneficio aos e ás produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de produción de alimentos, de creación de emprego e de dinamización económica.

Porén, este decreto, sen outras medidas que acompañen o desenvolvemento da venda de proximidade e o apoio aos e ás produtoras non vai ter ese efecto dinamizador. De feito, é evidente que non ten como obxectivo relanzar feiras e mercados nin serve para incorporar novas persoas a esta actividade. O articulado do decreto non garante a produción nin fomenta a dedicación de persoas a este tipo de actividade. Por iso, o BNG considera imprescindible desenvolver iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade (feiras, mercados periódicos de alimentos producidos no contorno tanto en cidades como vilas, degustacións, etc), ás de venda na propia explotación ou on line, e que teñan como obxectivo a promoción deste tipo de comercialización ..

Por iso, o Grupo Municipal do BNG propón no pleno municipal do Concello de Silleda adoptar os seguintes

ACORDOS

1. Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade. Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.

2. Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega, que acadaren os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

3. Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.

Silleda, 15 de Outubro de 2014
Asdo. Matías Rodríguez da Torre"

INTERVENCIONS:

Voceiro do PP: Que seu grupo está dacordo coa moción. Que marca de calidade xa está creada.

O Alcalde dí que están totalmente dacordo con esta moción.

VOTACIÓN:

Se aproba por unanimidade.

- Mocións do Grupo do BNG (Contra a Violencia Machista)

"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO A SEGUINTE MOCIÓN CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría xeral de Igualdade facía público o Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas poía Xunta de Gafiza, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alén desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguranza que nada axuda a crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención elou a resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/aos menores ao seu cargo, exixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia contra as Mulleres, a Corporación Municipal de Silleda

ACORDA:

1. Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla, como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

-A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Exixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumpren.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e exixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Deseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.

Silleda, 21 de Outubro de 2014

Asdo. Matías Rodríguez da Torre"

INTERVENCIONS:

Voceiro do PP: Que o seu grupo está dacordo coa moción.

O Alcalde dí que tamén están dacordo con esta moción.

VOTACIÓN:

Se aproba por unanimidade.

8º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Previa declaración de urxencia, por unanimidade, se debate a moción que se transcribe de seguido

- **Mocións do Grupo do BNG (Sobre a restitución democrática d@s represaliad@s polo golpe de estado e ditadura franquista)**

"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA DEBATE E APROBACIÓN EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE A RESTITUCIÓN DEMOCRÁTICA D@S REPRESALIAD@S POLO GOLPE DE ESTADO E DITADURA FRANQUISTA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Entre 1931 e 1936 desenvolveuse en todo o estado español unha época de liberdades democráticas denominada IIª República, que foi deitada a partir do 18 de Xullo de 1936 por un golpe de estado fascista encabezado por Francisco Franco, o cal ostentaría a xefatura do estado dun xeito cruento e ditatorial até 1975, o que en Galiza, e en Silleda particularmente supuxo 40 anos de represión e falta total de liberdades.

Este golpe asoballou as corporacións locais e os gobernos democráticos elixidos polo povo, alén de propagar un ideario fanático, ultracatólico e antigalego, que se traduciu tamén na amputación dos dereitos adquiridos polo pobo galego co plebiscito do Estatuto de Autonomía aprobado o 28 de Xuño do 36 e os dereitos nacionais de Galiza, así como a imposición imparábel dunha castelanización imperante que abafou por completo a posibilidade de normalización da nosa lingua propia, "por obra e graza da cal aínda somos galeg@s", Castela dixit.

Por causa deste levantamento foron mortos, vilmente asasinados ou "paseado s", 16 silledenses, entre os que se encontraba o Alcalde desta Corporación do Concello de Silleda, Emilio Alonso Paz, fusilado o 16 de marzo de 1937. Mais tamén sufriron morte ou represión operarios da Unión Obreira de Ponte; espoliouse a biblioteca do da antiga Escola de Emigrantes da Sociedade bonaerense Pro Escolas na Bandeira ou as da outra Sociedade de emigrantes, tamén bonaerense Fillos de Silleda, ou confinouse xente como prisioneiros nesta mesma Casa do Concello polo único delito de seren leais á República e aos ideais democráticos e profesaren moi diversas ideoloxías: eran republicanos, galeguistas, socialistas, comunistas, sindicalistas, etc. Cebándose, xa que logo, contra a xente cunha sorte diversa de represión que afectou ao ámbito laboral, ás incautacións, a represión relixiosa (implacábel cos protestantes de Vilar), e mesmo a que se exerceu contra os fuxidos e guerrilleiros ou mestres e poboación en xeral, con gravísimas consecuencias para as familias, e en especial, mulleres e rapaces.

Que estas liñas servan de dedicatoria e recordatorio daqueles veciños silledenses asasinados nos primeiros tempos da chamada Guerra Civil:

Emilio Alonso Paz	José Rilo Buján
Constantino Conde Penido	Antonio Valladares
Antonio Costoyas	Antonio Vázquez
Miguel Esperante Nicolás	Aniceto Venocelano
José Fares	Francisco Prado
Luís Muíños	
Ramón Muíños	
Francisco Noya Vázquez	
Arturo Rey	

78 anos despois neste Concello téñense realizado actividades a prol da recuperación da memoria por parte de asociacións, colectivos, mesmo nas que ten colaborado algunha institución pública, mais co camiño que se abre na recuperación divulgativa dos nosos autores locais entre os que, por exemplo sufriron represión: Ramón Valenzuela Otero, Antón Alonso Ríos, Manuel Colmeiro Guimarás, José Mª Fernández Colmeiro ou Evaristo Mosquera, vémonos na obriga de propor para que desde o Concello de Silleda se restitúa a memoria de todas aquel as persoas que pagaron coa súa vida, que sufriron as consecuencias da represión ou que nola contaron co seu legado vital, literario ou artístico, localizando tamén como lugares da memoria aqueles que serviron para a barbarie, co fin de que os lembremos para que sirvan como ensinanza para que nunca se repita tal masacre contra os dereitos humanos fundamentais.

Non cabe dúbida que a causa aberta en Arxentina para investigar e condenar o golpe de estado franquista e a ditadura marcan a actualidade até o punto de que a propia Interpol se dirixiu ao goberno cental co fin de prender aos últimos protagonistas da ditadura que fican vivos e que supón dunha vez por todas a posibilidade de que o mundo enteiro obrigue agora a España a recoñecer o atentado contra os dereitos humanos que se deu durante o franquismo, tamén en Galiza e particularmente no noso Concello de Silleda.

É por todo isto que o Grupo m. Municipal do BNG demanda do pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Que o Alcalde de Silleda en nome de toda a Corporación Municipal exprese de xeito formal e solemne a súa máis firme condena ao golpe de estado franquista, a ditadura promovida por este e rexeite de xeito expeditivo as accións de tod@s aqueles que colaboraron co réxime que puxo fin ás liberdades dos trasdezaos durante tantos anos.

2. - Que o Concello de Silleda proceda á dignificación das vítimas da represión franquista, homenaxeando a todas aquelas persoas que sufriron esa represión, facendo especial mención dos nomes daqueles que foron asasinados polo franquismo.

3. Que o Concello de Silleda faga recoñecemento público á memoria das persoas que constituían a Corporación democrática do Concello en Xullo de 1936. e asemade teña especial consideración na lembranza co Alcalde de Silleda, o cal deberá ser nomeado Fillo predilecto, na representación de todos, ao encarnar el a vontade popular e democrática do povo silledense.

4. Que o Concello faga especial divulgación dos autores locais nomeados e represaliados polo franquismo, os cales nas súas obras deixan constancia do sufrimento de todo un povo durante tantos anos.

5. Que se sinalen os lugares que foron obxecto da actuación dos vitimarios durante os primeiros días do golpe de estado para con eles e con todos os puntos anteriores acadar unha intención difusora e didáctica no respecto aos dereitos humanos tronzados polo fascismo en 1936 e dignificados a partir da aprobación desta moción e coas conseguíntes homenaxes que aquí se propoñen a aprobación. Asemade isto terá que ir acompañado da retirada da simboloxía fascista aínda existente no Termo Municipal de Silleda.

Silleda, 20 de Novembro de 2014
Asdo. Matías Rodríguez da Torre"

INTERVENCIONS:

Voceiro do PP: Dí que está ben o que dí a moción pero hai que lembrar as vítimas de tódolos bandos.

O Alcalde Que se leva a época histórica mais longa vivida en democracia. Que hai que pasar páxina que é o que permite disfrutar de casi 40 anos de democracia e que estes temas hai que ir olvidándolos.

Voceiro do BNG: En Galiza non existiron bandos senón represión. Que hai que esquecer pero cando se recoñeza o que pasou.

VOTACIÓN:

Se aproba con un voto a favor do BNG e 12 abstencións (PSOE e PP).

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.,

O voceiro do PP formula un rogo para que se retiren as vallas da rúa Entremesóns onde se realizaron as obras dos pasos de peóns elevados.

Tamén fai un rogo para que se coloque un banco no parque infantil da Bandeira ao que o alcalde responde que é unha cuestión que non permite a normativa actual para estes recintos.

O voceiro do PP tamén lembra que nunha sesión anterior se quedou en traer os gastos de abogacía deste Concello.

Pregunta tamén se houbo novas sentencias en contra do Concello.

Tamén se interesa sobre cando se van colocar os colectores de lixo de carga lateral.

A continuación pregunta quen se fai cargo do mantemento das depuradoras

Por último formula un rogo para ver se pode limpar a fonte de Outeiro.

Toma a palabra o voceiro do BNG, comenzado por falar do servizo de recollida de lixo.

Dí que se subeu o recibo e que se ten un servizo case peor do que había, e pregunta se se ten mirado se se van facer composteiros comarcais. Tamén pregunta qué pasa coa recollida do papel-cartón.

Interesase tamén polo concurso ou oposición para atender as depuradoras.

A continuación reseña que se estableceron multas por importe de 18.400 euros de aparcamento (aclara que son 9.200 euros por pronto pago) durante a celebración das Festas da Bandeira por vehículos mal estacionados e dí que non hai os avisos necesarios para que a xente non aparque.

Pregunta tamén qué pasa coas luces do parque da Bandeira que houbo varias avarías e interésase pola iluminación na rúa Lourás da Bandeira. Tamén sinala a petición do IES Colmeiro sobre manter o alumeado nas inmediacións do centro.

A continuación pregunta por qué o goberno municipal non chama ás empresas do Concello, a todas as do sector para os procesos de adxudicación das obras.

Interesase tamén polo servizo de recollida de cans abandonados, se hai datos sobre este servizo e lembra que ten un custe de 3.600 euros ao ano para o Concello.

Pregunta polo recurso de reposición interposto pola empresa Acode contra o acordo de adxudicación do Servizo Lúdico Educativo.

Pide que se actualice a páxina web municipal, así coma o horario das liñas de autobuses.

Pregunta pola inclusión na asociación de Concellos afectados por autopistas

Tamén se interesa por un decreto sobre anexos ao PXOM que fixo Eptisa sobre a capela da Bandeira, algunhas casas da Bandeira, un camiño en Taboada e di que en todo caso quere saber cando vai responder Eptisa ás cuestións plantexadas polos grupos nunha reunión e cando se lle vai responder á cidadanía sobre as alegacións que presentaron ao documento.

Pregunta se é posible que se lle de a documentación das sesión da xunta de goberno local facendo un avance aos voceiros, igual que os decretos porque se están a entregar con retraso.

Interésase tamén por un escrito presentado por Ana Muñoz Iglesias, afectada ao caer por un resbalón nun paso de peóns. Di que sobre este asunto falando con ciclistas e motoristas comentan que cando chove a pintura é moi resbaladiza e recorda os problemas co bordillo da parada de taxis xa mencionado noutras sesión.

Di que fai un comentario final no seu turno. Que hoxe dimitiu a ministra Ana Mato e outro día unha conselleira asturiana por vinculacións con unha empresa a que lle mercaba esa

Administracións. Prosigue dicindo que aquí o tenente de alcalde segue surtindo ao Concello a través da súa empresa familiar e que xa deben de ir polos 50.000 euros.

Toma a palabra o alcalde para responder aos grupos.

Sobre as vallas di que xa saben que están ahí porque se están facendo as obras dos lomos de burro que si é certo que non se están levando coa celeridade esperada, pero que a empresa que está facendo os traballos aproveitou que outra empresa estaba facendo obras para botar a primeira capa de aglomerado e que hoxe mesmo se está botando a segunda. Que están ahí as vallas por unha boa función.

O voceiro do PP toma a palabra interesándose ao fio do tema polas obras da traída de auga de O Castro e di que quedaron badéns na carretera. O alcalde respóstalle que xa se falou dende o Concello coa Diputación e que lle comunicaron que as obras aínda están sen rematar.

Sobre os bancos do parque da Bandeira reitera que a normativa non o permite e que incluso as papeleiras van pola parte de fóra da valla e considera que os bancos que hai son suficientes.

En canto ao tema das sentenzas di que hai varios litixios en marcha, que se responderá por escrito.

Sobre os contenedores de carga lateral o alcalde explica que a empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo, advertiu que precisaba dous meses para a colocación e que espera que antes de final de ano se cambien.

En canto ao tema da depuradora, para responder xa a ambos grupos, comenta que se está a levar o mantemento con persoal municipal e facendo un grande esforzo. Di que se se da levado así non se convocará ningunha praza. Que o máis complicado é atender a depuradora de Silleda porque hai que ir todos os días do ano, incluso festivos, o que implica un grande esforzo. Reitera que de momento o goberno municipal non ten pensado sacar praza para esto.

Da fonte de Outeiro tómase nota e que algunha limpeza farase.

Pasa a responder a continuación as preguntas e cuestións formuladas polo BNG.

Sobre os composteiros de lixo o alcalde di que se está negociando instalar unha pranta de compostaxe na provincia de Pontevedra e que tamén se está a estudar esta cuestión para a comarca do Deza.

Sobre o servizo de recollida porta a porta de papel-cartón para empresas e comercios di que ata hai pouco era un dos servizos mellor valorados polos veciños e dalle a palabra ao concelleiro de Medio Ambiente, Luis Rodríguez, que aclara que a empresa que viña realizando o servizo quebrou e se cambiou de empresa.

Sobre as multas por estacionar no desvío habilitado durante as festas da Bandeira o alcalde explica que son as sinais que marca a normativa e que este ano se fixeron sinais novas, incluso luminosas. Di que se sinalice como se sinalice sempre haberá quen aparque mal, porque incluso a xente do pobo o fai.

En canto ás luces do parque da Bandeira explica que se produciu unha avaría no campo da Petanca, que coincidiu un venres á tardiña e que el mesmo foi co concelleiro de Medio Ambiente ata alí. Sobre o alumeado na rúa Lourás o alcalde invita ao voceiro do BNG a pasear con él pola zona. Di que a rúa Agro do Balo ten o mesmo horario reducido que o resto das rúas da localidade e que non hai algunha rúa que teña menos luz.

Sinala que a petición do IES Pintor Colmeiro sobre o alumeado xa está executada.

Sobre as invitacións a empresas di que xa están contestadas. Que para a última adxudicación se chamaron a todas as empresas que poden facer obras dese tipo.

Sobre o servizo de recollida de cans abandonados di que se pedirán os datos pero que está resultando moi efectivo xa que unha vez que se da o aviso veñen con celeridade e se fai incluso en festivos.

Resposta que o recurso presentado por Acode foi desestimado.

En canto á web amosa a súa sorpresa pola queixa igual que no tema da recollida do papel cartón, di que todo é mellorable que lle teñen dito en máis de unha ocasión que é das mellores.

Sobre a Asociación Nacional de Municipios afectados por autopistas procede a explicar o proceso. Sinala que o Concello de Silleda é socio fundador e que el mesmo como alcalde é vogal da directiva que preside o alcalde de Lalín. Que se busca tentar rescatar a concesión e que este colectivo nace a raíz do caso das radiales de Madrid, ás que se pretende deixar exentas de tributar o IBI como Ben de Características Especiais (Bices).

Que os concellos xa cobran pouco por este concepto e que por riba agora pretenden sacarllo. Dí que a asociación de avogados de Madrid que gañou o litixio polas eólicas se encargará de levar o caso. Que dende o Concello se fixo unha aportación inicial de 300 euros e que non só se defende que non lle quiten o IBI. Que o primeiro é defender que se realice unha valoración catastral que sexa acorde coa realidade.

Explica que el mesmo propuxo que se estudie a posibilidade de que tamén tributen polo IBI os trens de viaxeiros. Que considera que deben de pagar igual que o fan os autopistas porque os usuarios tamén pagan o servizo. Que se se logra será bo para Silleda. Di que hai máis de 30 municipios de toda España que figuran como socios fundadores da entidade, con alcaldes e representantes de todos os partidos políticos.

Sobre o tema de Eptisa o alcalde di que fala coa empresa todas as semanas e ten tantas ganas coma os presentes de que se avance e se acabe co proceso, que él o sigue intentando pero que máis ben a empresa lle fai pouco caso, que lle din que están moi ocupados co traballo de campo. Explica que ahí atrás lle deu orde de contestar unha por unha todas as alegacións, que o compromiso era aprobar o Plan nesta lexislatura pero que a estas alturas do ano non é cuestión de pensar en cambiar de equipo redactor. Que xa lle dixeron que non era o normal contestar unha por unha as alegacións pero se fara con cartas a cada un dos veciños que alegaron.

Sobre a entrega das actas da Xunta de Goberno o alcalde di que considera que se están entregando en tempo e forma

Prosigue sinalando que a pintura dos pasos de peóns é a pintura oficial coa que se pintan tamén as estradas nacionais e o resto, di que sabe que se resbala pero que é o material oficial. Sobre o bordillo da parada de taxis di que xa se falou noutras ocasións e que a xente non pode cruzar por ahí. Di que o curioso é que noutras cidades hai bordillos máis grandes ca ese, bases de árbores sen tapar... pero que parece que a xente só cae en Silleda.

Sobre a última cuestión planteada polo voceiro do BNG o alcalde di que xa está farto desta pregunta que o tenente de alcalde non ten ningunha empresa, que a empresa da que fala é unha sociedade na que non participa o concelleiro e que é lícito que venda igual ca outras ao Concello. Que hai que facer política honesta e que se está metendo sempre ca persoa que

máis traballa e non cobra aínda que se diga nas redes sociais e por ahí que cobra de non sei onde...

Toma a palabra o voceiro do BNG e di que non é cuestión persoal senón política, mentres o rebate o alcalde que a continuación levanta a sesión

Non habendo máis asuntos que tratar conclúe a sesión as 2200 horas do día 27 de Decembro de 2014. Do que, como Secretario, DOU FE.

SECRETARIO



Manuel Quintans Queiruga

The image shows a circular blue stamp with a crown in the center. The text around the crown reads "CONCELLO DE BELLIN" at the top and "SECRETARIO" at the bottom. A handwritten signature in black ink is written over the stamp. Below the signature, the name "Manuel Quintans Queiruga" is printed.